

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 5 de maio de 2022 pola que se adhiren dúas entidades financeiras ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, suscrito coas sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia (financiamento lgape-pemes).*

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do día 21 de febreiro de 2022, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras do marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (lgape), as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito adheridas (financiamento lgape-pemes). As ditas bases publícanse mediante a Resolución do 13 de abril de 2022 (DOG núm. 76, do 21 de abril).

Xunto co texto das devanditas bases publicouse a relación das entidades financeiras que se adheriron ao convenio.

Tendo en conta que por erro non se incluíu unha salvedade coa entidade Banco Santander, S.A. no anexo publicado mediante a Resolución do 13 de abril de 2022, e que, con datas do 22 e do 29 de abril de 2022, adhírense, respectivamente, as entidades financeiras Bankinter, S.A. e Caixabank, S.A., procede actualizar o contido do dito anexo.

Polo que antecede e en virtude das facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro. Corrixir a información sobre a adhesión da entidade financeira Banco Santander, S.A., de xeito que figure a salvedade (1) no anexo.

Segundo. Engadir as entidades financeiras Bankinter, S.A. e Caixabank, S.A. á relación de entidades financeiras adheridas ao convenio para a habilitación dun marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (lgape) e as sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia, asinado o 11 de abril de 2022.



Segundo. Publicar a relación completa e corrixida das sociedades de garantía recíproca e entidades de crédito adheridas, substituíndo, en consecuencia, o anexo VII, publicado coas bases reguladoras (DOG núm. 76, do 21 de abril de 2022), polo que se publica con esta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2022

Fernando Guldrís Iglesias  
Director do Instituto Galego de Promoción Económica





## ANEXO VII

**Relación de sociedades de garantía recíproca e entidades de crédito adheridas  
IG535A - Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas (financiamento Igape-pemes)**

Cooperativas de crédito	Bancos	S.G.R.
– Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega	– Abanca Corporación Bancaria, S.A. – Banco Santander, S.A. <sup>(1)</sup> – Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. – Banco de Sabadell, S.A. – Bankinter, S.A. – Caixabank, S.A. <sup>(2)</sup>	– Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (Afigal, S.G.R.) – Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo, S.G.R.)

<sup>(1)</sup> Non se adhire á liña I.2 do anexo I, operacións avaladas para o financiamento de tráfico comercial (Reaval Funcionamento).

<sup>(2)</sup> Non se adhire ás liñas I.2 e I.3 do anexo I, operacións avaladas para o financiamento de tráfico comercial (Reaval Funcionamento) e garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos (Reaval Garantías).

